

POESÍA

LUIS PIMENTEL

n. en Lugo, 1895; m. en Lugo, 1958.

Libros publicados en gallego:

Sombra do aire na herba (1959)

OS NENOS

Escondido o seu terror
antre os plegues do manto
das nais,
asusta sentir o seu corazón veloz
dentro dun peito tan mísero.
¿Cómo se sostén ou defende
tanta fragilidade?
(¡Unha folla no vento!)
¿Recordades, como rosas que chegan da sombra,
esas filas de olladas dos espósitos
en domingo?
(E non falemos da infancia dos príncipes).
¡Ouh, as navallas abertas
pra ferilos,
dentro do terror dos seus sonos!
E nos escuros corrunchos
as súas silenciosas bágoas.
O neno non conoce a morte;
mais ás veces chéganos un berro
dun mundo deconocido pra o home,
¿I esa pregunta fonda
que se para por un intre nos seus ollos?
¿I esa luz tristeira, doce,
sobre unha fronte mol e tenra,
de ónde ven?
Mais existen nenos solitarios,
estranos nenos,
que conocen a morte.

(De **Sombra do aire na herba**)

LOS NIÑOS

Escondido su terror — entre los pliegues del manto — de las madres, asusta sentir su corazón veloz — dentro de un pecho tan mísero. — ¿Cómo se sostiene o defiende — tanta fragilidad? — (¡Una hoja en el viento!) — ¿recordáis como rosas que llegan de la sombra — esas filas de miradas de los expósitos — en domingo? — (Y no hablemos de la infancia de los príncipes). — ¡Oh, las navajas abiertas para herirlos. — dentro del terror de sus sueños! — Y en los oscuros rincones — sus silenciosas lágrimas. — El niño no conoce la muerte; — pero a veces nos llega un grito — de un mundo desconocido para el hombre. — ¿Y esa pregunta honda — que se para por un instante en sus ojos? — ¿Y esa luz triste, dulce, — sobre una frente blanda y tierna, — de dónde viene? — Pero existen niños solitarios, — extraños niños — que conocen la muerte.

LUIS SEOANE

n. en Buenos Aires, 1910
Libros de poesía en gallego:
Fardel de esiliado, 1952
Na Bretema, Sant-Yago, 1955
As Cicatrices, 1959

TESTEMUÑOS

Como fai dous mil catrocentos anos
ou menos.
Cecais dous mil anos
(pode testemuñalo o arqueólogo)
a noite, a lúa e a sangue
dominan a pedra dos sacrificios
e depositan, Galicia, sabor dos teus dolmens,
a semente da virxen,
o sangue da virxen,
e a do heroi matador da serpe
(poden testemuñalo os cronicós).
Mais
ollase lus nesta noite
na escuridade de sangue callado,
e a vida, sí, na carrega luar de tantos mortos.
Poderán testemuñalo, pasado iste tempo,
outros arqueólogos e novos cronicós.

(De *As Cicatrices*)

TESTIMONIOS

Como hace dos mil cuatrocientos años — o menos. — Quizás dos mil años — (puede testificarlo el arqueólogo) — la noche, la luna y la sangre — dominan la piedra de los sacrificios — y depositan, Galicia, sobre tus dólmenes, — la simiente de la virgen, — la sangre de la virgen, — y la del héroe matador de la serpiente — (pueden testificarlo los cronicones). — Pero — se ve luz en esta noche, — en la oscuridad de sangre cuajada, — y la vida, sí, en la carga lunar de tantos muertos. — Podrán testificarlo, pasado este tiempo, — otros arqueólogos y nuevos cronicones.

ALVARO CUNQUEIRO

n. en Mondoñedo (Lugo) 1911.
Libros de poesía publicados en gallego:
Mar ao norde (1932)
Cantiga nova que se chama Riveira (1933).
Poemas do sí e non (1933)
Dona do corpo delgado (1950)

POEMA

Polos teus ollos quen pasou, amiga,

deixou unha ollada de amore perdida.
Nos ollos teus.

Deixou de amore perdida unha ollada
polos teus ollos quen pasou, amada.
Nos ollos teus.

Cinza levás nos ollos, amiga,
de aquela ollada de amore perdida.
Nos ollos teus.

Borrallo nos ollos levás, amada,
que non miraches a quen te ollaba.
Nos ollos teus.

(De *Cantiga nova que se chama Riveira*)

POEMA

*Por tus ojos quien pasó, amiga. — dejó una mirada de amor perdida. — En tus ojos. —
dejó de amor perdida una mirada — por sus ojos quien pasó, amada. — En tus ojos. —
Ceniza lleváis en los ojos, amiga, — de aquella mirada de amor perdida. — En tus ojos. —
Ceniza en los ojos lleváis, amada, — que no miraste a quien te miraba. — En tus ojos.*

CELSE EMILIO FERREIRO

n. Celanova (Orense, 1914)
Libros publicados en gallego:
Cartafol de poesía (1935)
O sono sulagado (1954)
Longa noite de pedra (1962)
Viaxe ao país dos enanos (1968)

PALABRAS A UN PINTOR GALEGO

Invoca a lus dende esta dura tebra,
invoca a pan e a pomba,
invoca a singladura,
fala do ar e lembra os cataventos,
lembra as sorrisas,
informa das olladas inocentes,
e das mornas seráns de nenos loiros,
e das pedras.
Certifica a paisaxe,
pide a paz e a fartura,
convoca aos homes, dillecs:
O rostro do país é moi fermoso,
a máscara da terra é gasalleira,
pro por debaixo dela

corre un longuíssimo río de bágoas.
 Dilles:
 Hai que buscar o lume e as feridas,
 hai que inventar o pranto
 pra conquistar a lus,
 pra que a pomba e o pan,
 pra que a paz e a fartura,
 pra que o contento,
 pra que a pureza
 caian sobor de nos coma unha chuvia,
 pra sempre.

(De Viaxe ao país dos ananos)

PALABRAS A UN PINTOR GALLEGO

Invoca la luz desde esta dura tiniebla, — invoca el pan y la paloma, — invoca la singladuras — habla del aire y recuerda las veletas — recuerda las sonrisas — informa de las miradas inocentes, — y de las tristes tardes de niños rubios, — y de las piedras. — Certifica el paisaje, — pide la paz y la abundancia, — convoca a los hombres, díles: — El rostro del país es muy hermoso, — la máscara de la tierra es grata, — pero por debajo de ella — corre un larguíssimo río de lágrimas. — Díles: hay que buscar el fuego y las heridas, — hay que inventar el llanto — para conquistar la luz, — para que la paloma y el pan, — para que la paz y la abundancia, — pura que el contento, — pura que la pureza — caigan sobre nosotros como una lluvia — para siempre.

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

n. en Parga (Lugo) en 1914
 Libros publicados:
 Nimbos, 1961

PENÉLOPE

Un paso adiante e outro atrás, Galiza,
 i a tea dos teus sonos non se move.
 A esperanza dos teus sonos se esperguiza.
 Aran os bois e chove.
 Un bruar de navíos moi lonxanos
 che estrolla o sono mol como unha uva;
 pro ti envólceste en sabas de mil anos
 i en sonos volves a escoitar a chuvia.
 Tragerán os camiños algún día
 á xente que levaron: Deus é o mesmo.
 Suco vai, suco ven, Xesús María!,
 e toda cousa ha de pagar seu desmo.
 Desorballando os prados coma sono
 o tempo vai de Parga a Pastoriza.

Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
Un paso adiante i outro atrás Galiza.

(De *Nimbos*)

PENÉLOPE

Un paso adelante y otro atrás, Galicia, — y la tela de tus sueños no se mueve. — La esperanza de tus sueños se despereza. — Aran los bueyes y llueve. — Un rumor de navíos muy lejanos — te estruja el sueño blando como una uva; — pero tú te envuelves en sábanas de mil años — y en sueños vuelves a escuchar la lluvia. — Traerán los caminos algún día — a la gente que llevaron: Dios es el mismo. — Surco va, surco viene, ¡Jesús-María!, — y toda cosa ha de pagar su diezmo. — Desrociando prados como sueño — el tiempo va de Parga a Pastoriza. — Se va enterrando surco a surco el otoño. — Un paso adelante y otro atrás, Galicia.

ANTONIO TOVAR BOBILLO

n. en 1921 en La Pereira (Orense)
Libros de poesía publicados en gallego:
Arredores, 1962
Non, 1967

CINZAS

Póñoos de pe,
cóntoos, refago
desfeitas cinzas
que atrás foron quedando.
Póñoas de pe; non podos,
apreixo, apalpo
cinzas somentes
por íntimos espazos:
a nena aquela
debruzada no orballo;
o amigo
aque!, chantado
na flor murcha da infancia;
o pai, meu pai...

Foron quedando

atrás.

I eu sigo
sin eles.

E cada año
despréndome de follas e recordos,
e sigo máis lizgairo
pra outras cinzas que están diante de min —be sei—
e figuran relanzos
agarimosos.

E vou nun xogo sin descanso
de eiquí pra aló, inda que sei...
Apalpo i amo
con medo.
I ás veces, de tan canso,
escóndome no fondo de un poema,
ou dun viño, dun berro, dun pecado.

(De Non)

CENIZAS

Los pongo de pie, — los cuento, rehago — deshechas cenizas — que atrás fueron quedando. — Las pongo de pie; no puedo, — agarro, palpo — ceniza sólo — por íntimos espacios: — la muchacha aquella — abatida en el rocío — el amigo — aquel, plantado — en la flor marchita de la infancia; — padre, mi padre... — Fueron quedando — atrás — Y yo sigo — sin ellos. — Y cada año — me desprendo de hojas y recuerdos, — y sigo más ligero — hacia otras cenizas que están delante de mí — bien lo sé — y figuran remansos — amemos. — Y voy en un juego sin descanso — de aquí para allá, aunque sé... — Palpo y amo — con miedo. — Y a veces, de tan cansado, — me escondo en el fondo de un poema, — o de un vino, de un grito, de un pecado.

MANUEL CUÑA NOVÁS

n. en Pontevedra, 1926
Libros publicados:
Fabulario Novo, 1952

DIA DE DIFUNTOS

Caen e roldan ao redor da iauga
Como si fora o seu decir: chorade.
Tanguen as campans silenzo sin amparo
como si fora o seu tanguer: Chorade.

Chorade os ancrados na soma e na morte,
os núos sulagados na terra lividosa;
a súa mistura fidel escorre manseniña
estinguíndose ao tauto da corpórea presenza.

Unxe o moucho a esperma ardiga
que alcende a dubidosa chama amarela do recordo.
Agoiran os cans a profunda verdá dos cadaleitos
e o seu ouvido ecoa a nocturna servidume dos mortos.

Agora o vento recende a frores murchas,
a coroas de mirto que desfixo o tempo
e palpo na outra luz do desamparo
outas verbas xiadas do agoiro derradeiro no intre inespresabre.

Náusea cristalina ensomecendo a fonte
 é isa podredume
 que frúe nun leitoso carreiriño de vermes.
 Ises abandonados ás poutas da terra
 que estiveron a rente da luz que alumea as noites
 tornan atraspasando os muros,
 corpos deshabitados na orfa culpa de terra,
 e buscan docemente cobixo ao desamparo.
 ¿Quién chama nos cristales da fiestra con ademán escuro e istranabre?
 ¿Isa voz de ningures, quen ten de ir?
 Pasou un anxo, un anxo,
 e o silencio ceifa un cabelo de anxo,
 e a alma ten callada unha pinga de sangue do anxo que pasou,
 do anxo que xiou a miña intrana
 coa súa ollada doce dende a tebra.
 I é un ronsel de tebra anguriente o paso do anxo,
 é a dor dos mortos ensumíndose na soma ardente da tebra,
 é a morte, Señor, que ancrou na miña intrana
 na intrana do neno que se fai na pracentá
 envolto en panos de sangue, alocumiñado na tebra.

As somas choran; as somas din: chorade
 cheos de horror e loito
 aos ancrados na vida da morte eternamente.

Quen agora
 non tente para os seus pes baixo do mundo
 longas filas de morte horizontabre,
 negará para sempre o que é chama e silencio

(De *Fabulario novo*)

DÍA DE DIFUNTOS

Caen y rondan en torno del agua — como si fuera su decir: llorad. — Tañen las campanas silencio sin amparo — como si fuera su tañer: llorad. — Llorad los anclados en la sombra y en la muerte, — los desnudos hundidos en la tierra pálida; — su mezcla fiel fluye mansamente — extinguiéndose al tacto de la corpórea presencia. — Unge el buho la esperma estéril — que enciende la dudosa llama amarilla del recuerdo. — Presagian los perros la profunda verdad de los ataúdes — y su oído hace eco a la nocturna servidumbre de los muertos. — Ahora el viento huele a flores marchitas. — a coronas de mirto que deshizo el tiempo — y palpo en la otra luz del desamparo — altas palabras heladas del presagio último en el momento inexpresable. — Náusea cristalina ensombreciendo la fuente — es esa podredumbre — que fluye en un lechoso sendero de gusanos. — Esos abandonados a las garras de la tierra — que estuvieron rozando la luz que enciende las noches — vuelven traspasando los muros, — cuerpos deshabitados en la huérfana culpa de la tierra, — y buscan dulcemente cobijo al desamparo. — ¿Quién llama en los cristales de la ventana con ademán oscuro y sorprendente? — ¿Esa voz de nadie, quién acudirá? — Pasó un ángel, un ángel, — y el silencio saja un cabello de ángel, — y el alma tiene cuajada una gota de sangre del ángel que pasó, — del ángel que heló mi entraña — con su mirada dulce desde la tiniebla. — Y es una estela

de tiniebla angustiosa el paso del ángel, — es el dolor de los muertos sumiéndose en la sombra ardiente de la tiniebla, — es la muerte, Señor, que ancló en mi entraña — en la entraña del niño que se hace en la placenta — envuelto en pañales de sangre, acariciado en la tiniebla. — Las sombras lloran; las sombras dicen: llorad — llenos de horror y luto — a los anclados en la vida de la muerte eternamente. — Quien ahora — no tiene con sus pies bajo el mundo — largas filas de muerte horizontable, — negará para siempre lo que es llama y silencio.

XOSÉ NEIRA VILAS

n. en Gres (Pontevedra), 1928

Libros de poesía publicados:

Dende Louxe, 1960

Inquedo latexar, 1969

TODO IGOAL

Acharei as cousas vellas:
a casa onde nacín,
as nogueiras,
o carreiro da fonte.
Todo igoal.

Mulleres co pescozo circio
camiñando baixo das cestas e dos feixes;
menos de rir tristeiro,
homes que loitan co destino
mentras agardan
a chegada dun mañán que lles prometeron.

Atorparei os agros sementados,
e as edras a rabuñar nas paredes,
os rodicios bulindo.
Febre nos angazos.
Debezo de camifios feiticeiros.
Aglaio e confusión nas almas...
Todo igoal.

Todo igoal:
fartura circundante
desemulando arduras e farrapos.

¿Qué son as leis?
¿Onde están os berros e as picañas?
¿Qué foi dos homes de Roi Xordo?

(De **Dende louxe**)

TODO IGUAL

Encontré las cosas viejas: — la casa donde nací, — los nogales, — el sendero de la fuente. — Todo igual. — Mujeres con el cuello enhiesto — caminando bajo cestas y haces; — niños de risa triste — hombres que luchan con el destino — mientras esperan — la llegada de un mañana que les prometieron. — Encontraré los campos sembrados, — y la hiedra trepando por las paredes, — los rodeznos moviéndose. — Fiebre en los rastrillos. Anhelos de caminos hechiceros. — Desconcierto y confusión en las almas... — Todo igual. — Todo igual: — abundancia circundante — disimulando basura y andrajos. — ¿Qué son las leyes? — ¿Dónde están los gritos y las hachas? — ¿Qué fue de los hombres de Ruy Sordo?

MANUEL MARÍA

n. en Outeiro de Rei (Lugo) en 1930

Libros de poesía publicados:

Muiñeiro de brétemas, 1950

Morrendo a cada intre, 1952

Terra Cha (2.^a ed.) 1967

Advento, 1954

Documentos persoas, 1958

Libro de pregos, 1962

Mar Maior, 1963

Proba documental, 1968

Os soños na gaiola, 1968

Versos pra un país de minifundios, 1969

Versos pra cantar en feiras e romaxes, 1969

Canciós do lusco ó fusco (1970)

BANDO

Prohíbese, por orde da Alcaldía
que medren porque sí
as rosas do xardín municipal.
Dende agora as pombas teñen
que pedir licencia pra voar.
Prohíbese á lúa
andar ceiba de noite polo ceo.
A lúa é unha tola que anda espida
dando mal exemplo ás nenas castas
i aos fillos de familia.
Pagarán trabucos os poetas.
Prohíbese soñar de 10 a 11.
Prohíbese tamén derramar bágoas.
Pódese chorar tan só cando hai sequía
pra que non fiquen valdeiros os pantanos.
Un só se pode emocionar
os xoves e domingos
cando toca
a Banda do Concello no quiosco.
Están fora de lei
as estrelas, a primaveira,
as froles i os paxaros.
Dase este bando en tal e cual.

pra que se cumpra
de orde do Alcalde.
Firmado e rubricado.

(De Documentos personaes)

BANDO

Se prohíbe, por orden de la Alcaldía — que crezcan porque sí — las rosas del jardín municipal. — Desde ahora las palomas tienen — que pedir licencia para volar. — Se le prohíbe a la luna — andar suelta de noche por el cielo. — La luna es una loca que anda desnuda — dando mal ejemplo a las muchachas castas — y a los hijos de familia. — Pagarán impuestos los poetas. — Se prohíbe soñar de 10 a 11. — Se prohíbe también derramar lágrimas. — Se puede llorar sólo cuando hay sequía — para que no queden vacíos los pantanos. — Uno sólo se puede emocionar — los jueves y domingos — cuando toca — la Banda del Ayuntamiento en el quiosco. — Están fuera de la ley — las estrellas, la primavera, — las flores y los pájaros. — Se da este bando en tal y cual, — para que se cumpla — por orden del Alcalde. — Firmado y rubricado.

UXÍO NOVONEIRA

n. en Parada do Caurel (Lugo) en 1930
Libros publicados:
Os Eidos, 1955
Etexías do Caurel, 1966

A BRÉTEMA

Panos brancos esfiañados
de nebra,
oubeando polos vals,
polos soutos
i as devesas marelas,
en busca dun cavorco
ou dunha valíña outa
que os acolla
i os faga acougar!...

Fiañas da nebra,
sobindo e baixando a gaiola do ar
polas serras érmedas
e polos boscos espidos de Nadal!...

(De Os Eidos)

LA BRUMA

Paños blancos deshilachados — de la niebla, — aullando por los valles, — por los sotos — y la dehesas amarillas, — en busca de una hondonada — o de un valle alto — que os acoja — y os dé sosiego!... — Hilachas de niebla, — subiendo y bajando la jaula del aire — por las sierras yermas — y por los bosques desnudos de Navidad!...

BERNARDINO GRAÑA

n. en Cangas de Morrazo (Pontevedra) en 1932
Libros de poesía publicados:
Poemas do home que quixo vivir, 1959
Profecía do mar, 1966

EMIGRANTES NO MAR

Sin vacas, sin a fala, sin as veigas
tamén no mar se perden os galegos:
labregos, afiadores, mans en ansia.
Sin casa xa, sin terra, coma os ventos.

Perdidos polo mar, pra alá de Vigo,
entrando no ignorado, monstro océano,
mains alá desas illas verdecentes,
en noite, acaso en morte i en silencio.

Tí, mar cegaches todo en lus i en vidro.
Nublaches a mirada e ao mesmo tempo
abríches mil vieiros, foches miña
que canta e leva aos homes dos seus eidos.

Agoa sensoal se sal é loira area,
ágoa que tuvo a culpa como o demo,
flauta, verdosa serpe, azul engado,
leito de bico infindo, mol e fresco.

I eles quizáis en tí han ser peixes, algas.
Quén sabe si han voltar pra algún proveito.
Quén sabe si han morrer, virarse loucos,
sin su aire alentar noutro elemento.

Contén, mar, no teu lombo o seu gran soño
de viaxes con saudade e con regreso.
Refrena contra nos o seu esquezoz.
Trae pra Galicia a todo los galegos.

Sañaron mais que naide. Foron puros
esculcantes de espacio e vida e imperio.
Sinceros e quixotes de ágoa femia.
No teu ritmo se foron coma nenos.

(De *Profecía do mar*)

EMIGRANTES EN EL MAR

*Sin vacas, sin la lengua, sin las vegas — también en el mar se pierden los gallegos: —
labriegos, afiladores, manos en ansia. — Sin casa ya, sin tierra, como los vientos. — Per-
didos por el mar, más allá de Vigo, — entrando en lo ignorado, monstro océano, — más*

allá de esas islas verdecentes, — en noche, acaso en muerte y en silencio. — Tú, mar, cegaste todo en luz y en vidrio. — Nublaste la mirada y al mismo tiempo — abriste mil caminos, fuiste ninfa — que canta y se lleva a los hombres de sus campos. — Agua sensual si sal y rubia arena, — agua que tuvo la culpa como el diablo, — flauta, verdosa sierpe, azul encanto, — lecho de beso infinito, blando y fresco. — Y ellos quizá en tí han de ser peces, algas. — Quien sabe si volverán para algún provecho. — Quien sabe si morirán, se volverán locos, — sin su aire alentar en otro elemento. — Contén, mar, en tu lomo su gran sueño — de viajes con saudade y con regreso. — Refrena contra nosotros su olvido. — Trae a Galicia a todos los gallegos. — Soñaron más que nadie. Fueron puros — buscadores de espacio y vida e imperio. — Sinceros y quiјotes de agua hembra. — En tu ritmo se fueron como niños.

XOSÉ LUIS FRANCO GRANDE

n. en Tebra (Pontevedra) en 1935
Libros de poesía publicados
Entre o si e o non, 1967

P O E M A

Eu sinto que algo falta no que eu son
algo que nin eu sei,
algo que sempre esbara e se me vai...

Sempre me vexo nunha praia aberta
coa outra veira lonxe,
alá onde nada podo dar por meu.

Lonxe, moi lonxe, tenño a outra orela,
alí onde tudo se me fai misterio,
alá algo meu que non se sabe ben...

As veces vólvome unha agarda longa,
un debecer por algo que presinto,
por algo meu que non se sabe ben...

¿Qué puido ser o que eu perdín antonte,
iso que falta aínda
pra que eu atope o eido meu en min?

Eu ando sempre ás voltas, sin abeiro,
i estou tan perto, tan ao pe de min,
que eu xa non sei quen son!

Eu a pouco que me achegue ao meu misterio
tudo se choe en min,
tudo se volve alleo e nada sei...

(De Entre o si e o non)

POEMA

Siento que algo falta en lo que soy — algo que ni yo sé, — algo que siempre se desliza y se escapa. — Siempre me veo en una playa abierta — con la otra orilla lejos, — allá donde nada puedo dar por mío. — Lejos, muy lejos, tengo la otra orilla, — allí donde todo se me hace misterio, — allí donde ni yo mismo me acerqué... — A veces me transformo en una espera larga, — un anhelar algo que presiento, — por algo mío que no se sabe bien... — ¿Qué pudo ser lo que perdí en el ayer, — eso que falta aún — para que encuentre en mí mi heredad? — ¡Ando siempre vagando, sin cobijo, — y estoy tan cerca, tan al pie de mí, — que ya no sé quien soy! — Y a poco que me acerque a mi misterio — todo se cierra en mí, — todo se vuelve ajeno y nada sé...

SALVADOR GARCÍA-BODAÑO

n. en Teis (Pontevedra) en 1935

Libros de poesía publicados:

Ao po de cada hora, 1967

AO MEU PAI, MORTO NA ESPRANZA

A carón do teu silencio,
alí onde todo é mais triste
porque tí es ausente,
alí quixera ser,

calado e manso,
coma isa auga caída
antre os sulcos mais novos
calquer mañá

nalgunha terra...
Alí, alí onde os nomes
e as cidades
andan a ser esquecer como adeuses,
alí quixer sementar o meu corpo
e nacer ponla da túa morte
pra sempre.

Mais xa todo en tí vai caído
nise pozo de sombras
onde as cousas que foron mais nosas
borran os seus lindes
nun sono total
que desfai os ollos.

Ai, quén dera alongar esta man de anos
tecida de adeuses
e sulgarse caladamente
nisa corga sin lúa
onde ti xa és
eternidade!

(Revista *Claraboya*, núm. 16-17, León, 1967)

A MI PADRE, MUERTO EN LA ESPERANZA

Al lado de tu silencio, — allí donde todo es más triste — porque tú estás ausente, — allí quisiera ser, — callado y manso, — como esa agua caída — entre los surcos más recientes — cualquier mañana — en alguna tierra... — Allí, allí, donde los nombres — y las ciudades — andan olvidándose como adioses, — allí quisiera sembrar mi cuerpo — y nacer rama de tu muerte — para siempre. — Pero ya todo en tí va caído — en ese pozo de sombras — donde las cosas que fueron más nuestras — borran sus lindes — en un sueño total — que deshace los ojos. — ¡Ay, quién pudiera alargar esta mano de años — tejida de adioses — y sumergirse calladamente — en ese camino sin luna — donde tú ya eres eternidad!

XOSÉ LUIS MÉNDEZ-FERRIN

n. en Orense, en 1938
Libros de poesía publicados:
Voce na néboa, 1957

ESPRANZA XORDA

Outos ían i ergueitos, íles, homes
de torrón, camaradas no silencio.
Por seu pé. Rexas mans, únicas armas
concentradas en sí coma durísimas
poutadas, pedra viva que latexa.
Ían lentos, e miles, e grisallos,
entrementras a noite desataba
fío e negro decreto de silencio.
Camaradas sen luz, homes de terra,
pasaban torpes, coma doces bestas,
ollos azul luxado e cos seus beizos
nun tremor despacioso ou desespero.
Ían reptando, multitude acéfala,
membro disforme, fluctuante grea,
materia invariable, terra íles,
esvaíndose lenta no silencio
de morte arreoando e que nos queima.
Eu mireinos pasare ben desperto,
non íles, íles non, os ollos densos,
seus ollos despoboados, eran muda
testemuña de sono e de silencio,
pero tamén unánime os dedos
da man, reconcentrados puños, eran
única esperanza, diste gran silencio.
Eu olleinos pasar, ían ergueitos.

(Revista *Claraboya*, núm. 16-17, León, 1967)

ESPERANZA SORDA

Altos iban y erguidos ellos, hombres — de la tierra, camaradas en el silencio. — Por su pie. Recias manos, únicas armas — concentradas en sí como durísimas — garras, piedra viva que late. — Iban lentos, y milos y grisáceos — mientras la noche desataba — frío y negro decreto de silencio. — Camaradas sin luz, hombres de tierra, — pasaban torpes como dulces bestias, — ojos azul manchado, y con sus labios — en un temblor despacioso o desespero. — Iban reptando, multitud acéfala, — miembro disforme, fluctuante rebaño, — materia invariable, tierra ellos, — disolviéndose lenta en el silencio — de muerte lancinante y que nos quema. — Yo los vi pasar bien despierto, — no ellos, ellos no, los ojos densos, — sus ojos despoblados, eran mudo — testimonio del sueño y del silencio, — pero también unánimes los dedos — de la mano, reconcentrados puños, eran — única esperanza de este gran silencio. — Los vi pasar, iban erguidos.

CARLOS CASARES MOURIÑO

n. en Xinzo de Limia (Orense) en 1941
No ha recogido sus poemas en libro

ELEXIA A LUIS CERNUDA

Dende lonxe folarémoste en lembranza
coma o canle dun río xa perdido.
Eres esquezo xa, corpo valeiro,
boca pra soedá, frente sin soño,
pergunta niste mar cara ao naufragio.
(Xa ves, amigo, nos aínda falamos,
e podemos querer a unha rapaza,
sendo ríos prá noite inevitabel...)
E tí non eres carne de tristeza,
non tes un corazón nin pra o cansancio
nin siquer un anaco diste tedio
dos farrapos da vida que nos sobran.
Eres arbre fendido, non tes seiva
non che quedan nin follas pra un Outono.
Eres un morto, amigo, eres un morto,
acabóuseche o tempo e xa non falas,
Luis Cernuda do tempo e da palabra.

ELEGÍA A LUIS CERNUDA

Desde lejos te hablaremos en recuerdo — como el cauce de un río ya perdido. — Eres olvido ya, cuerpo vacío, — boca para la soledad, frente sin sueño, — pregunta en este mar cara al naufragio. — (Ya ves, amigo, nosotros aún hablamos, — y podemos querer a una muchacha, — siendo ríos para la noche inevitable...) — Y tú no eres carne de tristeza, — no tienes un corazón ni para el cansancio — ni siquiera un pedazo de este tedio — de los andrajos de la vida que nos sobran. — Eres árbol hendido, no tienes savia — no te quedan ni hojas para un otoño. — Eres un muerto, amigo, eres un muerto, — se te acabó el tiempo y ya no hablas, — Luis Cernuda del tiempo y de la palabra.

ARCADIO LÓPEZ-CASANOVA

n. en Lugo, 1942

Libros de poesía publicados en gallego

Sonetos da esperanza presentida, 1965

Palabra de honor, 1967

P O E M A

A todos os chamaron.
Dixéronlles: “Hespaña necesita soldados”.
E alá foron.
Escribo os seus nomes. In memoriam.
Cándido López, Miguel Díaz,
Antón Parapar, Xesús Castro,
Manuel Rodríguez, eran
os homes do Páramo.
Nada sabían. Colleron
o se fusil, o casco
i en fila, ún tra outro, marcharon.
Nada sabían, repito.
Calados se foron.
Testes deixaron as súas terras,
os seus campos,
por outras terras e outros
hermos ametallados.
Cousas da guerra.
A historia durou tres anos.
Ningún volveu. Todos
morreron lonxanos de Galicia.
Son héroes iñorados.
Mortos están
sin saber por qué loitaron.
A súa patria era a terra
sucada polo arado.
Non coñecían hespañás
adeprendidas a disparos.
Iso foi todo.
Din testemuña, nada engado.
In memoriam. Eiquí
os deixo nomeados.

(De Palabra de honor)

POEMA

*A todos los llamaron. — Les dijeron: “España necesita soldados”. — Y allá fueron. —
Escribo sus nombres. In memoriam. — Cándido López, Miguel Díaz, — Antón Parapar,
Jesús Castro, — Manuel Rodríguez, eran — los hombres del Páramo. — Nada sabían. Co-
gieron — su fusil, el casco — y en fila, uno tras otro, marcharon. — Nada sabían, repito. —
Callados se fueron. — Unánimes dejaron sus tierras, — sus campos, — por otras tierras y*

otros — yermos ametrallados. — Cosas de la guerra. — La historia duró tres años. — Nadie volvió. Todos — murieron alejados de Galicia. — Son héroes ignorados. — Muertos están — sin saber por qué lucharon — Su patria era la tierra — surcada por el arado. — No conocían españas — aprendidas a disparos. — Eso fue todo. — Dí testimonio, nada añado. — In memoriam. Aquí — los dejo nombrados.

XOHANA TORRES

n. en Santiago de Compostela
Libros de poesía publicados
Do sulco, 1967

A DURA MAXESTADE DO SILENZO

Hai unha cor de sangue
sobor de tí.

Hai un fume espallado
polos queimados boscos.

Dinos:
¿E polas lanchas podres,
polos rostros mortísimos,
polo loito?

¿Pola dor familiar,
por coitelos,
por odios?

Escóitanos. Que au Sul,
medra un escuro tempo de nostalxias
onde o Alleo bate atrás
coma un ave de paso.

Ouh, Patria, a Patria,
Pés Ntós,
Incendo,
Meu Amor;
levas
a Dura Maxestade do Silenzo!

Grave Galicia,
a miña Temeraria,
a Terríbele Inmortal,
Verdor Terríbele.
Pídeme algunha vez
ir a tenderme en póo
por si quezais poidera continuarte.
Vivir inda que fora

un intre
na camada dos séculos,
nas roitas dos cabalos!...

Qué diría,
qué erguería,
que csmagaría eu
tendidamente eisí,
ca destanza maor que cabe un labre?

A edra, os cimiterios,
o can morto de fame,
como siñificando algo mais xusto,
¿terían outro muro,
outra tomba, outro oso?
Déixame batuxar
polas miñas palabras
teus campos incurábeles,
os rumorosos hinos,
as paces i as bandeiras.

¡Todo, todo!
O mar, a pedra,
o centro delirante
i a solene pisada!
(Choven sobor da vila
noites novas e páxaros.
O ceo está ben craro.
Pro o ceo é outra cousa
menos nosa)

E perciso saber o que mais doe:
Vivir a vida
non é pasalos homes.

Ai, Patria,
con todo ao descuberto,
inevitábele...
Por isto e polo outro vivo e canto.

(En **VIEIROS**, núm. 2, México 1962)

LA DURA MAJESTAD DEL SILENCIO

Hay un color de sangre — sobre tí. — Hay un humo extendido — por los quemados bosques. — Dinos: — ¿Y por las lanchas podridas, — por los rostros cadavéricos, — por el luto? — ¿Por el dolor familiar, — por cuchillos, — por odios? — Escúchanos. Que al Sur, — crece un oscuro tiempo de nostalgias — donde lo Ajeno bate atrás — como un ave de paso. — Oh, Patria, la Patria — Pies Desnudos, — Incendio, — Mi Amor; — llevas — La dura majestad del silencio! — Grave Galicia, — mi Temeraria, — la Terrible inmortal, — Verdor Terrible. — Pídeme alguna vez — ir a tenderme en polvo — por si quizás pudiera

continuarte. — Vivir aunque fuera — un instante — en la sucesión de los siglos. — en las rutas de los caballos!... — ¿Qué diría, — qué alzaría, — qué aplastaría yo — tendidamente así, — con la distancia mayor que cabe un labio? — La yedra, los cementerios, — el perro muerto de hambre, — como significando algo más justo, — ¿Tendrían otro muro, — otra tumba, otro hueso? — Déjame chapotear — por mis palabras — tus campos incurables, — los rumorosos himnos, — las paces y las banderas. — ¡Todo, todo! — El mar, la piedra, — el centro delirante — y la solemne pisada! — (Lueven sobre la ciudad — noches nuevas y pájaros. — El cielo está bien claro. — Pero el cielo es otra cosa — menos nuestra). — Es preciso saber lo que más duele: — Vivir la vida — no es pasar los hombres. — Ay, Patria, — con todo al descubierto, — inevitable... — Por esto y por lo otro vivo y canto.

